

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FENE REALIZADA O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL ONCE

Na vila de Fene, no salón de Plenos do Concello, sendo as 09:30 horas do día vinte e nove de marzo do dous mil once, baixo a presidencia do alcalde-presidente **D. Iván Puentes Rivera** reuniuse, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello de Fene ós efectos de realizar a sesión **extraordinaria** convocada para o día da data.

Concelleiros asistentes:

D. Iván Puentes Rivera
D. José Antonio López Rodríguez
D^a María del Carmen Silvar Canosa
D. Juan Manuel Lourido González
D^a Amalia García Balado
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín
D. Gumersindo Pedro Galego Feal
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente
D. Juan José Franco Casal
D^a María del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez

Non asistiu: D^a Rocío Rey Sampayo e D. Edgar Antonio Vigo López (inxustificadas)

Interviu como secretario:

D. Jesús Tallón García

Asiste a interventora:

D^a Marta Roca Naveira

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido declárase aberta a sesión polo Sr. alcalde, e procédese ó tratamento dos asuntos seguindo a orde do día:

1º Aprobación, se procede, do convenio de desenvolvemento da e-administración nas entidades locais de Galicia

Dáse conta pola Alcaldía do ditame favorable da Comisión informativa de organización e seguridade do 25 de marzo do 2011, para que o Pleno acorde:

1º Solicitar a adhesión ó “convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas Entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 13 de xullo do 2010 polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

2º Que a Alcaldía leve a cabo as actuacións necesarias para facer efectivo o dito acordo e dar traslado do mesmo á FEGAMP e a Xunta de Galicia.

Consta no expediente entre outra documentación o informe conxunto de secretaría e intervención que di:

“INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Adhesión ó “convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia”

Xustificación: artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, de 18 de abril de 1986 (BOE núm 96 e 97 do 22-04-1986); artigo 173 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986 (BOE núm. 305 de 22-12-1986); o artigo 3 do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro de Réxime xurídico dos Funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal (BOE núm. 223, de 29-09-1987). Providencia da Alcaldía do 2 de marzo do 2011.

Resumo dos antecedentes:

-Pola Orde do 29 de novembro de 2000 (DOG nº232 do 30 de novembro de 2000) o Concello de Fene adheriuse ó “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE LA PRESIDENCIA Y LA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA Y LA FEGAMP PARA LA IMPLANTACIÓN Y DESARROLLO DE LOS SERVICIOS INFORMÁTICOS Y DE TELECOMUNICACIONES” polo que se estableceu: unha oficina de Información ó cidadán, o servizo de Rexistro, o acceso ó Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma así como, mediante addenda, os servizos de infraestrutura tecnolóxica previstos no desenvolvemento do Portal de Internet Eido Local sin menoscabo das funcionalidades establecidas orixinariamente.

-O día 2 de marzo do 2011 remítese providencia da Alcaldía requirindo informe xurídico e de Intervención sobre a posible adhesión do Concello de Fene o convenio do asunto adxuntándose unha copia simple do convenio suscrito o 13 de xullo do 2010 entre o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

-O día 3 de marzo remítese fax coa rúbrica do Dirección Xeral de Administración Local en relación co asunto obxecto deste informe.

1 Normativa examinada

Lei 30/1992, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (R.O.F.)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (T.R.).

Concordantes.

2 Consideracións

Previa

1ª Documentación examinada

O obxecto deste informe é o contido do “convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia”.

O dito convenio foi presentado a estes informantes como copia simple. Na páxina da rede de internet www.eidolocal.es pódese acceder a un arquivo no que se atopa o mesmo convenio facilitado pola Alcaldía en formato pdf. Non obstante, é preciso dicir que non consta no expediente facilitado orixinal do mesmo nin documento algún remitido pola Xunta de Galicia o Federación Galega de Municipios e Provincias que fóra rexistrado no Rexistro Xeral do Concello de Fene, nin tampouco a información da páxina web sinalada consta que estea integrada na sede electrónica dalgunha administración pública (que segundo artigo 10 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso dos cidadáns á Administración electrónica, conleva a responsabilidade do titular da mesma respecto da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos ós que poda accederse a través da mesma). Fanse as advertencias correspondentes .

2ª No expediente administrativo non se indica quen é o funcionario responsable do mesmo, así como o encargado da súa tramitación, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF; carecendo de foliación e de rúbrica, incumprindo o disposto no artigo 164.2 do ROF.

Non consta informe da xefatura da dependencia á que corresponda a tramitación do expediente administrativo, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio, incumprindo o establecido no artigo 172.1 do ROF.

2 Como consecuencia da evolución tecnolóxica xurdiu a necesidade de adaptar a administración ás novas tecnoloxías co obxecto de mellorar a calidade, eficacia e eficiencia dos servizos prestados ós cidadáns e a inmediatez dos mesmos. Xa a Lei 30/1992, de 26 de novembro, na súa primeira versión, no artigo 45 estableceu o impulso ó emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos por parte da Administración e a través de distintas normas foi artellándose un corpo normativo que resulta de aplicación ás entidades locais.

En palabras da Lei 11/2007, de 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos “Las tecnologías de la información y las comunicaciones están afectando también muy profundamente a la forma e incluso al contenido de las relaciones de los seres humanos entre sí y de las sociedades en que se integran (...) el tiempo actual (...), tiene como uno de sus rasgos característicos la revolución que han supuesto las comunicaciones electrónicas. (...)”. Así a administración debe estar á altura dos tempos e acompañar e promover en beneficio dos cidadáns o uso das comunicacións electrónicas, quedando a administración obrigada a transformarse nunha administración electrónica rexida polo principio de eficacia que proclama o artigo 103 da Constitución. Esta lei supón o nacemento de novas obrigas para as administracións públicas configurando como un dereito dos cidadáns relacionarse coas administracións por medios electrónicos. A Administración local ten que adaptarse ás novas necesidades e ás novas obrigas que impón a administración electrónica (por exemplo a sede electrónica, a publicación electrónica dos tablóns de anuncios, documentos e copias electrónicas, o acceso a servizos e consulta de expedientes, a factura electrónica...). A este

marco normativo é preciso engadir a lexislación do Estado de transposición da Directiva comunitaria 2006/123/CE do Parlamento europeo e do Consello, relativa ós servizos de mercado interior (Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo) e a lexislación de adaptación á mesma da normativa vixente na comunidade autónoma de Galicia (a Lei galega 1/2010, do 11 de febreiro de modificación de distintas leis de Galicia para a adaptación á Directiva 2006/123/CE).

3 O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Para poñer en común competencias e recursos para a prestación dun servizo, pódense artellar distintos vehículos. Un deles é o convenio interadministrativo de colaboración no que se concrete cantas cuestións sexan necesarias para disciplinar adecuadamente o alcance da colaboración, ademáis do reparto de custes. O principio de cooperación entre administracións públicas recóllese, entre outros, no artigo 3 da Lei 30/1992 como principio xeral das Administracións públicas e no artigo 57 da Lei 7/1985 que dispón que a cooperación entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, desenrolarse con carácter voluntario baixo as formas previstas nas Leis e poderán ter lugar mediante os convenios administrativos que subscriban.

Daquela o convenio interadministrativo preséntase como un instrumento para acadar a cooperación entre as entidades locais e a Administración autonómica.

De xeito supletorio, e de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, son de aplicación os artigos 6 e 8 desta norma para os convenios de colaboración que se subscriban entre a Administración autonómica e as entidades locais.

4 Contido do convenio

Dada a extensión do documento e as cuestións a considerar, farase un comentario procurando seguir as cláusulas do convenio, todo dentro dos condicionamentos cos que se emite este informe expostos na consideración Previa.

Cláusula primeira e segunda: obxecto e ámbito do convenio

O obxecto do convenio é impulsar e desenvolver a administración electrónica nas Entidades locais de Galicia, co obxecto de garantir ós cidadáns o acceso electrónico ós servizos públicos mediante a implantación de procedementos, plataformas e redes de comunicación que posibiliten a súa interacción con calquera Administración pública.

Pódese entender incluído o obxecto do convenio nas competencias propias dos municipios do artigo 25.1 da Lei 7/1985 e nas obrigas que a “e-administración” e a Directiva 2006/123/CE impón ás Administracións públicas.

Cláusula cuarta: efectos

É de destacar que a non adhesión ó presente convenio supón deixar de prestar os servizos que ata o de agora se viñan prestando no marco do Convenio ó que se refire o primeiro dos antecedentes deste informe.

Sobre isto cómpre recordar que o artigo 38 da Lei 30/1992 di que os escritos, documentación e solicitudes dirixidas ás administracións públicas poden presentarse, entre outros, “(...) En los registros de cualquier órgano administrativo, que pertenezca a la Administración General del Estado, a la de cualquier Administración de las Comunidades Autónomas, o a la de alguna de las entidades que integran la Administración Local si, en este último caso, se hubiese suscrito el oportuno convenio.(...)” e que “(...) Mediante convenios de colaboración suscritos entre las Administraciones públicas se establecerán sistemas de intercomunicación y coordinación de registros que garanticen su compatibilidad informática, así como la transmisión telemática de

los asientos registrales y de las solicitudes, escritos, comunicaciones y documentos que se presenten en cualquiera de los registros. (...)"

Claúsula quinta, sexta e sétima: modificación, duración do convenio e resolución. Prevese a posibilidade de modificar o convenio coa conformidade das partes asinantes. A vixencia do mesmo inicialmente é dende a súa sinatura ata o 31 de decembro do 2013, aínda que pode ser obxecto de prórroga expresa por períodos bianuais. Mediante preaviso as partes poderán denunciar o convenio. As causas de resolución poden ser legais, por ineficacia sobrevida, incumprimento do convenio ou das súas cláusulas ou por outras causas de invalidez.

Establece pois unha duración incerta, xa que poderíase levar a cabo indefinidas prórrogas.

Clausula oitava, novena e décima: obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia

A Comunidade autónoma comprométese a garantir a prestación do sistema de rexistro e información de todos os escritos e comunicacións presentados con destino ás entidades locais de Galicia a través das oficinas de rexistro e información ao cidadán da Xunta de Galicia, e realizarán os investimentos necesarios en infraestrutura informática e de telecomunicacións para a correcta prestación do servizo.

A Xunta de Galicia recoñece a validez e eficacia dos asentos realizados no rexistro da Entidade local da documentación dirixida a Xunta de Galicia, establecerá sistemas de intercomunicación e coordinación de rexistros coas Entidades locais e a transmisión telemática dos asentos rexistrados e das solicitudes, escritos, comunicacións e documentos que se presenten en calquera dos seus rexistros. A administración autonómica comprométese a impulsar o portal eidolocal.com como canle permanente de comunicación coas Entidades locais galegas, impulsando o intercambio de documentos electrónicos e a sinatura electrónica e o acceso á Rede corporativa da Xunta de Galicia.

Cláusula undécima, duodécima, décimoterceira e décimocuarta: obrigas

Entre os compromisos que adquiriría o Concello de Fene de adherirse ó convenio analizado están:

- Facer un uso axeitado dos servizos electrónicos
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica a través de xornadas de formación, difusión e sensibilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Rexistrar as solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan aos órganos da Administración da comunidade autónoma de Galicia nos termos do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, tendo plena eficacia os asentos realizados.
- Intercambiar a información precisa no que atinxe aos proxectos de Administración electrónica.
- Impulsar o desexo de plataformas de Administración electrónica para a súa implantación e uso común.
- Promover a utilización, cesión, transferencia e compartición das plataformas electrónicas, sistema, aplicación ou software de titularidade das asinantes para o seu uso por outras administracións, institucións e entidades segundo convenios de colaboración que se suscriban.
- Fomentar e impulsar distintas actuacións de desenvolvemento da administración electrónica e a participación da cidadanía.

Trátase nalgúns casos de obrigas legais máis ou menos concretadas na lexislación (uso axeitado dos servizos electrónicos) pero na maioría dos casos establecen obrigas xenéricas (impulsar, promover, fomentar) que requirirán un posterior desenvolvemento e concreción mediante convenio ou acordo municipal.

Cláusula décimo quinta: catálogo de servizos adicionais e anexo III

Defínense determinados servizos que se prestarán no marco deste convenio e que poden ser modificados pola comisión que o mesmo convenio crea para o seguimento deste. Ademais cada un dos servizos poderá estar suxeito a condicións particulares que se concretarán e aprobarán no catálogo (entendo que no seo da comisión sinalada ou por posteriores convenios) e que poderán referirse “á obrigatoriedade de uso, custos e requerimentos previos”. Esta última frase dota dunha maior indefinición ó obxecto do convenio, xa que poderá alcanzar todo aquilo que a comisión de seguimento aprobe como parte do catálogo o que xera a imposibilidade de determinar si o Concello poderá asumir -non só economicamente- se non tamén técnicamente as obrigas que sexan determinadas no seo da comisión.

Sobre o servizos que define o anexo III algúns deles xa existen no Concello sobre a base do convenio ó que se refire o antecedente primeiro deste informe. Outros complementarían ós actuais servizos dando cumprido efecto a obrigas legais realicionadas coa administración electrónica e outros facilitarían o traballo municipal, e polo tanto ós servizos ós cidadáns, en distintos ámbitos. Defínense no anexo tamén determinadas dotacións de infraestruturas sen que se determinen custos da súa instalación -para o caso de que non estean xa instaladas no Concello de Fene-. En calquera caso sería conveniente que sobre estas infraestruturas, a viabilidade da súa instalación se fose precisa e os seus custos previsibles de instalación e mantemento se emitise informe por técnico competente.

Cláusula décimo sexta: soporte, formación e difusión

A xunta comprométese a realizar actividades de soporte ás Entidades Locais dos servizo incluídos neste convenio e as tarefas de asesormaneto e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica, facendo as tarefas de formación e difusión.

Cláusula décimo sétima: seguimento da execución do convenio.

Corresponderalle a unha comisión que poderá acordar a súa “revisión, modificación, adecuación ou actualización”. É dicir a concreción do obxecto do convenio queda en mans dun órgano no que a representatividade do Concello non está asegurada directamente senón por medio da FEGAMP que terá oito representantes -dos cales catro serán representantes municipais- dun total de catorce membros.

Cláusula décimo oitava: financiamento

En sintonía co espírito do convenio esta cláusula simplemente di que as Entidades Locais asumirán, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio, sen concretar cal é o custo ou posible custo para o Concello para o caso de adherirse ó convenio e asumir os custos derivados das obrigas que del se derivan. Requeirirá de desenvolvemento posterior -como recoñece a cláusula décimo novena.

Por último o convenio defínese como administrativo e establece a cesión dos datos ós rexistros públicos que proceda (cláusula décimo novena e disposición adicional).

6 Competencia para a aprobación do convenio

A última cuestión a analizar é a da competencia para a aprobación da subscrición deste convenio. As cláusulas que o conforman afectan a diversas materias, polo que a análise da competencia para a súa subscrición ha ter en conta diversas cuestións:

- Hai que principiar pola norma xeral que atribúe ó alcalde da Corporación a competencia sobre todas aquelas materias non expresamente atribuídas a outro órgano de goberno do Concello (artigo 21.1.s da LBRL).
- O convenio non implica a creación dun novo órgano administrativo nin a atribución de personalidade xurídica. Daquela, a subscrición do convenio non implica a participación do

Concello en organizacións supramunicipais, competencia atribuída ó Pleno da Corporación polo artigo 22.2.b) da LBRL citada.

- Do clausulado do convenio non se deduce tampouco unha delegación de competencias a favor do Concello por parte doutra Administración Pública, que deba ser aceptada por aquel (competencia plenaria atribuída polo artigo 22.2.g) da LBRL) xa que o convenio non establece delegación algunha.
- Os compromisos de asumi-las obrigacións económicas non quedan comprendidos dentro das limitacións que pola contía establece para a competencia da Alcaldía o artigo 21.1.ñ) da LBRL.
- Non se deducen acordos de execución inmediata, senón máis ben compromisos xenéricos que para a súa concreción requirirán de ulteriores acordos, polo que non se pode falar dunha materia que sexa competencia dun ou doutro órgano, senón que haberá que agardar ós acordos correspondentes para determinar a quen lle corresponde a súa adopción.
- A duración do convenio esténdese en principio desde a data da súa sinatura ata o 31/12/2013, coa previsión de prórrogas expresas acordadas polas partes por períodos bianuais cunha antelación mínima dun mes á data do seu vencemento. Podería resultar de aplicación analóxica o disposto na D.A. 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro cando sinala: “1. Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, de gestión de servicios públicos, los contratos administrativos especiales, y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 % de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada (...) 2. Corresponde al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos no mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad local.”. Non obstante o artigo 4.1c) da dita lei sinala que quedan excluídos da Lei de contratos do sector público: “Los convenios de colaboración que celebre la Administración General del Estado con las entidades gestoras y servicios comunes de la Seguridad Social, las Universidades Públicas, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales, organismos autónomos y restantes entidades públicas, o los que celebren estos organismos y entidades entre sí, salvo que, por su naturaleza, tengan la consideración de contratos sujetos a esta Ley”
- Por outra banda o artigo 21.1 d) da LBRL establece como competencia dos alcaldes: “Dirigir, inspeccionar e impulsar los servicios y obras municipales.”

Por todo o exposto, e á vista do contido do convenio, entendo que o órgano competente para a súa aprobación é o Alcalde. Para o caso de que se decida someter á consideración do Pleno a xurisprudencia avala a legalidade dos acordos adoptados polo Pleno cando sendo competencia da Alcaldía o seu titular vota a favor do acordo.

6 Conclusión:

Infórmase desfavorablemente a proposta da Alcaldía sobre a base da consideración Previa e as consideracións de indeterminación do obxecto do convenio e as obrigas económicas que suporía a adhesión ó convenio. Non obstante a superior autoridade corporativa decidirá o que estime.

Fene 11 de marzo do 2011

O secretario
Jesús Tallón García

A Interventora
Marta Roca Naveira”

Non producíndose debate procédese á votación do ditame da comisión informativa antes transcrito, co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Pleno acorda:

1º Solicitar a adhesión ó “convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas Entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 13 de xullo do 2010 polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

2º Que a Alcaldía leve a cabo as actuacións necesarias para facer efectivo o dito acordo e dar traslado do mesmo á FEGAMP e a Xunta de Galicia.

2º Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de xuíz de paz titular de Fene.

Dáse conta pola Alcaldía do ditame favorable da Comisión informativa de organización e seguridade do 25 de marzo do 2011, para que o Pleno acorde:

1º Propoñer á Sala de Goberno do Tribunal de Xustiza de Galicia o nomeamento como xuíz de paz titular de Fene a D. Manuel Vigo López con D.N.I. 76.394.200-E.

2º Remitir certificado do acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Consta no expediente informe da Secretaría que copiado di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: elección xuíz de paz titular de Fene.

Xustificación: 54.1 b) do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Antecedentes:

1º Requerimento do Tribunal Superior de Galicia do 18 de novembro do 2010

2º Resolución da Alcaldía de data 27 de xaneiro do 2011 pola que se acorda iniciar o procedemento para elixir ao titular do Xulgado de Paz deste Concello, acordar a apertura dun prazo de quince días hábiles contados a partir do seguintes ao da publicación do anuncio no boletín Oficial da Provincia para que as persoas interesadas e que reunan as condicións legais o soliciten por escrito, comunicar á Secretaría de goberno do Tribunal Superior de Xustiza o inicio do expediente e publicar no taboleiro de anuncios do Concello, do Xulgado Decano de Ferrol e do Xulgado de Paz de Fene.

3º No Boletín oficial da Provincia do 10 de febreiro do 2011 publicouse o correspondente anuncio.

4º Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse as seguintes:

Don José Emilio Balado Paz (núm. De rexistro 1646 do 18/02/2011)

Dona Tamara Díaz Garrote (núm. de rexistro 1790 de data 23/02/2011)

Don Manuel Vigo López (núm. de rexistro 1820 de data 24/02/2011)

Dona María Begoña Fernández (núm. de rexistro 1981 de data 28/02/2011)

Dona Isabel Punín Dorrio (núm. de rexistro de entrada 2033 de data 1/03/2011 presentada a través do rexistro da Xunta de Galicia o 25 de febreiro do 2011).

Consideracións:

1ª O artigo 101 da Lei orgánica do Poder xudicial establece no seu núm. 1 que “Los jueces de paz y sus sustitutos serán nombrados para un período de cuatro años por la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia correspondiente. El nombramiento recaerá en las personas elegidas por el respectivo Ayuntamiento”, sinalando o número 2 que “Los jueces de paz y sus sustitutos serán elegidos por el Pleno del Ayuntamiento, con el voto favorable de dla mayoría absoluta de sus miembros, entre las personas que, reuniendo las condiciones legales, así lo soliciten. Si no hubiere solicitante, el Pleno elegirá libremente”.

(No suposto do Concello de Fene, considerando que o número de Concelleiros que constitúen a Corporación é de 17, a maioría absoluta é 9).

En similares termos se pronuncia o Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz. So sinalar que “De conformidad con lo dispuesto en el art. 101.2 de la Ley orgánica del Poder Judicial la elección de juez de Paz y su sustituto se efectuará por el Pleno del Ayuuntamietno con el voto favorable de la mayoría absoluta de sus miembros entre las personas que, reuniendo las condiciones legales, así lo soliciten. Si no hubiera solicitantes, el Pleno elegirá libremente con sujección a los mismos requisitos de procedimieento”, engadindo no seu artigo 8 que “Si la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia considera que las personas elegidas por el Ayuntamiento reúnen las condiciones de capacidad y de elegibilidad exigidas por la ley expedirá los correspondientes nombramientos y ordenará su publicación en el “Boletín oficial” de la provincia dando cuenta de los mismos al Consejo General del Poder Judicial y al Juez de Primera Intancia e Instrucción del partido, o al Decano si hubiese varios” e “si por el contrario, oído al Ministerio fiscal, la Sala de Gobierno estima que la persona o personas propuestas por el Ayuntamiento no reúnen las condiciones exigidas por la ley, procederá a designar directamente juez de paz (artigo 9.1 do regulamento 3/1995).”

Conforme ao artigo 2 da devandita Lei orgánica “Podrán ser nombrados Jueces de Paz, tanto titular como sustituto, quienes, no siendo licenciados en Derecho, reúnan los requisitos establecidos en esta ley para el ingreso en la Carrera Judicial, y no estén incurso en ninguna de las causas de incapacidad o de incompatibilidad previstas para el desempeño de las funciones judiciales, a excepción del ejercicio de actividades profesionales o mercantiles”

2ª Como ven sinalando o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial en acordos, entre outros, de 15 de xaneiro de 1997, 22 de setembro de 1999, 5 de abril de 2000, 14 de xullo de 2001 e 19 de novembro de 2002, o acto de elección polo Concello dos cargos de xuíz de paz titular e substituto ten natureza discrecional e dicir, é o resultado dunha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas, porque a decisión se fundamenta en criterios extraxurídicos non incluídos na Lei e remitidos a xuízo subxectivo da Administración.

3ª Logo de examinar o expediente, advírtese:

a) Polo que respecta á solicitude formulada por Dona Begoña López Fernández, en relación coa documentación que se debe presentar, segundo o anuncio do B.O.P. da Coruña referido nos antecedentes, para optar á proposta de nomeamento esíxese certificado ou informe médico de non estar impedido/a física ou psíquicamente para a función xudicial. O presentado pola solicitante non se refire á función xudicial senón a “actividad laboral” polo que debería ser emendado a xuízo do que subscribe.

b) Polo que respecta á solicitude formulada por Dona Tamara Díaz Garrote, en relación coa documentación que se debe presentar, segundo o anuncio do B.O.P. da Coruña referido nos antecedentes, para optar á proposta de nomeamento esíxese declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ó nomeamento e de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade ou compromiso de cesar no exercizo da actividade da que

derive a incompatibilidade. A declaración presentada pola solicitante non é unha promesa ou declaración xurada polo que debería ser emendada a xuízo do que sunscribe.

Tendo en conta o sinalado, a xuízo do que subscribe, procede con carácter previo á adopción do acordo, requirir as interesadas ao obxecto de que subsanen a solicitude mediante a presentación da documentación anteriormente citada. En caso de entender que non proceden os requirimentos de emenda e que se ordee continuar o expediente o Pleno, trala preceptiva comisión informativa que ditamine o asunto, deberá acordar a proposta de nomeamento, por maioría absoluta, dun dos solicitantes, e remitirase certificado do acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ós interesados. É o que informo, sen prexuízo de mellor dereito ou criterio da superior autoridade corporativa.

Fene, 22 de marzo de 2011
O secretario

Jesús Tallón García”

Dende a Alcaldía pregúntase si se propón por algún Grupo emenda a este ditame.

O voceiro do Grupo Político Municipal do B.N.G., Manuel Polo Gundín, unha vez concedida a palabra, di que lle gustaría ó seu Grupo coñecer cal é a postura de cada Grupo xa que pode haber distintas posicións e que a do seu Grupo é apostar pola continuidade do actual xuíz de paz por ser unha persoa de solvencia no posto, que non xerou crispación no Concello e que saben que o seu voto non é suficiente para a adopción do acordo.

Polo voceiro do Grupo municipal do P.P., Gumersindo Pedro Galego Feal, faise uso da palabra para dicir que logo de ver o ditame da comisión competente o seu Grupo vaise unir ó sentido do mesmo.

Polo concelleiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, faise uso da palabra para dicir que todos os candidatos merecen respecto, pero que entende que a persoa que exerza de xuíz de paz de Fene debe ser do Concello. Di que o candidato proposto pola comisión informativa reúne ó seu favor unha serie de características como o desenvolvemento do cargo con carácter vocacional, eficacia que lle aporta a súa experiencia e que é garantía de permanencia no posto durante a totalidade do seu mandato e pregunta porque cando unha cousa funciona ben se ten que cambiar.

Pola Alcaldía faise uso da palabra para dicir que dende o Grupo municipal do PSOE vaise votar a favor do ditame da comisión informativa xa que entenden que como premisas da proposta de xuíz de paz debe estar que a persoa que exerza o posto ten que ser do Concello, que a proposta de nomeamento se debe deixar fóra da contenda política e que sempre que se plantexou a elección de xuíz de paz se respaldou polo seu Grupo a persoa que actualmente exerce o posto. Prosegue dicindo que non ten o seu Grupo queixa do traballo realizado polo xuíz de paz actual e que polo tanto non teñen motivos para prescindir dos seus servizos polo que vai o seu Grupo votar a favor do ditame da Comisión acadando así o acordo a unanimidade que el desexa para este asunto.

Rematado o debate procédese a votación do ditame antes transcrito, co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión, acadando polo tanto o acordo a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, o Pleno acorda:

1º Propoñer á Sala de Goberno do Tribunal de Xustiza de Galicia o nomeamento como xuíz de paz titular de Fene a D. Manuel Vigo López con D.N.I. 76.394.200-E.

2º Remitir certificado do acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3º Previa declaración de urxencia, acordo relativo á suspensión do prazo máximo para resolver e notificar o procedemento incoado por acordo do Pleno de 13.01.2011 relativo á revisión de oficio do acordo do Pleno do 7.10.2010.

Pola Alcaldía xustifícase a urxencia do asunto co obxecto cumprir os prazos previstos legalmente para resolver e notificar este expediente.

En votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes acórdase a urxencia do asunto procedéndose a tratar ó mesmo.

Logo de ver a proposta da Alcaldía que copiada íntegramente di:

“PROPOSTA Ó PLENO

Feitos:

1 Con data de 8 de outubro de 2009 publicouse no DOGA o anuncio da aprobación inicial do estudo de detalle da APE-22 do PXOM promovido pola mercantil Bestarruza, S.L. referido a A.P.E-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene ó entender que o dito acordo incorre na causa de nulidade de pleno dereito do artigo 62.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e o día 7 de novembro do 2010 aprobouse definitivamente o estudo de detalle referido.

2 Con R.E. 29 de outubro do 2010 remitiuse copia autenticada do expediente relativo o estudo ó que se refire o antecedente 1 ó servizo de urbanismo da xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e realizáronse as remisións ós correspondentes diarios oficiais para dar cumprimento á publicidade legalmente exixida ós estudos de detalle (D.O.G. núm. 227 do 25 de novembro do 2010 e B.O.P. da Coruña do 15 de novembro do 2010).

4 O 19 de novembro de 2010 (R.E. 12858) realizouse requirimento de anulación do acordo plenario do 7 de outubro de 2010 de aprobación definitiva do Estudo de detalle referido no antecedente 1.

5 Emitiuse informe polo A.T.M., Alberto Fernández Vázquez do 9 de decembro do 2010 e polo secretario do Concello o 16 de decembro do 2010.

6 Con data de 13 de xaneiro do 2011 o Pleno do Concello acordou:

1º Iniciar o procedemento de revisión de oficio do acordo do Pleno do Concello do 7 de outubro do 2010 polo que se aproba definitivamente o estudo de detalle promovido pola mercantil Bestarruza, S.L. referido á A.P.E-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene ó entender que o dito acordo incorre na causa de nulidade de pleno dereito do artigo 62.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común por infrinxir o artigo 73.2 a) e c) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º Notificar aos interesados para que o prazo de dez días, presenten as alegacións e suxestións que consideren necesarias, e abrir un período de información pública por prazo de 20 días, a partir da publicación do anuncio da iniciación do procedemento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3º Solicitar Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia en relación co expediente de revisión de oficio do acordo do Pleno do Concello do 7 de outubro do 2010 polo que se aproba definitivamente o estudo de detalle promovido pola mercantil Bestarruza, S.L. referido a A.P.E-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene.

7 Leváronse a cabo as publicacións e notificacións preceptivas e con data de 16 e 17 de marzo remitiuse o expediente ó Consello Consultivo de Galicia solicitando a emisión do ditame preceptivo.

Consideracións xurídicas:

1 O apartado 5 do artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro establece que no procedemento de revisión de oficio das disposicións nulas o transcurso do prazo de tres meses desde o seu inicio sen dítarse resolución producirá a caducidade do mesmo.

2 Neste procedemento é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (en virtude do artigo 11.g) da Lei 9/1995, de 10 de novembro, do Consello consultivo de Galicia, no que se establece que o Consello Consultivo será consultado preceptivamente nos procedementos tramitados polas Administracións Públicas de Galicia, nos cales esíxase o ditame dun órgano consultivo, como é o caso da revisión de oficio dos actos e das disposicións administrativas).

2 O artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro establece a obrigatoriedade de resolver de forma expresa todos os procedementos.

3 O artigo 42.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro establece que o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderase suspender, entre outros supostos, cando “deban solicitarse informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución a órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse ós interesados, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada ós mesmos. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses.”

Logo de ver canto antecede, proponse que o Pleno da Corporación, previa declaración de urxencia, acorde:

1º A suspensión do prazo máximo legal para resolver e notificar o procedemento incoado por acordo do Pleno do Concello o día 13 de xaneiro do 2011 para a revisión de oficio do acordo do Pleno do Concello do 7 de outubro do 2010, polo que se aproba definitivamente o estudo de detalle promovido pola mercantil Bestarruza, S.L. referido á A.P.E-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene, dende a data da petición do ditame preceptivo ó Consello Consultivo de Galicia (día 17 de marzo do 2011) ata a data da recepción do dito informe no Concello.

2º Notificar este acordo ós interesados.

Fene, 24 de marzo do 2011

O alcalde (Resolución de delegación núm. 230/2011 do 23 de marzo)
Juan Manuel Lourido González”

Dende a Alcaldía solíciase ó secretario que se explique brevemente en que consiste este acordo. O secretario di que que no procedemento ó que se refire esta proposta é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia e que o obxecto da proposta de acordo é suspender o cómputo do prazo máximo legal para resolver e notificar este acordo mentres o Consello Consultivo de Galicia non emita o ditame, tal e como permite a Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Non producíndose debate, porcédese á votación da proposta da Alcaldía, co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Pleno acorda:

1º A suspensión do prazo máximo legal para resolver e notificar o procedemento incoado por acordo do Pleno do Concello o día 13 de xaneiro do 2011 para a revisión de oficio do acordo do Pleno do Concello do 7 de outubro do 2010, polo que se aproba definitivamente o estudo de detalle promovido pola mercantil Bestarruza, S.L. referido á A.P.E-22 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene, dende a data da petición do ditame preceptivo ó Consello Consultivo de Galicia (día 17 de marzo do 2011) ata a data da recepción do dito informe no Concello.

2º Notificar este acordo ós interesados.

E non tendo máis asuntos que tratar levantouse a sesión polo Sr. alcalde sendo as 09:50 horas da data indicada na cabeceira, do que dou fe e extendo a presente acta.

V. P.

O alcalde

O secretario

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García